



**OBNGredama as competencias sobre o medillón.** O deputado autonómico **Bieito Lobeira** presentou o pasado día 12 en Vilagarcía as propostas do BNG para regular a actividade. Ademais de defender o concurso público para as concesións de bateas, reclamou competencias exclusivas para a Xunta sobre "todo o que ten que ver co sector"; xa que a norma establecida por Madrid crea situacións "pouco adecuadas á realidade". ●



## Francisco Aréchaga 'O aumento do prezo dos minerais fai rendíbeis produtos que antes non o eran'

**Xurxo González  
Boeixa fotografía**

O pasado día 13 aprobouse no Parlamento Galego a Lei de Ordenación da Minería. Fernando Blanco, conselleiro de Innovación e Industria, incidiu, ao presentar a norma, no peso deste sector na economía galega: 1.600 empresas, 20.500 traballadores e case o 2% do PIB. Estas cifras xustifican o interese da Administración na regulación. Francisco Aréchaga, director da mina de Endesa nas Pontes, e presidente da Cámara Oficial da Minería de Galiza, explica as claves do presente e do futuro dun sector favorecido actualmente pola evolución internacional dos prezos. Podería resumir a historia da Cámara?

Créase no ano 1925, cando a minería era unha industria básica, case a única existente en Galiza. Posteriormente foi perdendo peso relativo en relación a outras ramas de actividade. Dende hai uns anos a Administración mostrou a súa vontade de impulsar a

Cámara, que é un órgano consultivo, un intermediario entre os poderes públicos e os empresarios. Eu son presidente desta institución dende outubro do ano pasado, e un dos obxectivos que nos marcamos nesta etapa consiste en darlle a coñecer á sociedade a actividade mineira. **Por que é interesante que a sociedade coñeza este sector?**

A minería é moi importante non só dende o punto de vista económico senón tamén estratéxico. Sen ela, sería moi difícil desenvolver outros ramos como a construción (que require de ladrillos e formigón, elaborados a partir de produtos que nós explotamos) ou a hostalería (que precisa augas minerais, tamén incluídas na Cámara). Igualmente dende o punto de vista cultural, porque o feito de poder dispoñer dun material tan emblemático como o granito para a construción é algo identificativo de Galiza. Aquí é moi abundante, e quizais por iso moita xente o dá por feito, pero moitos países non teñen pedras



**Hoxe en día xa hai moitas empresas adaptadas á nova normativa ambiental. Outras teñen plans, pero levan algo de atraso"**



**Existen moi bos xacementos de cuarzo, moi importante porque se emprega para a fabricación das placas solares"**

para construír, e por iso a súa historia e a súa arqueoloxía, dende as épocas máis antigas non teñen o valor da galega.

**Non obstante, a minería non ten moi boa imaxe entre a sociedade. Por que pensa que se dá esta situación e que van facer para tentar cambiala?**

A minería, como todos os sectores primarios, actúa coa natureza. As normas de medio ambiente son moi recentes, xa que a primeira lei que regula este aspecto é de 1982 en España, e poucos anos antes no resto do mundo. Dende o punto de vista da minería, non é moito tempo, xa que proxectar a actividade dende un punto de vista medioambiental supón cambiar o plan de operacións. Nun sector tradicional estes, así como os de restauración dos espazos afectados precisan de máis tempo para cambiarse. Hoxe en día xa hai moitas empresas que adecúan a súa actuación á nova normativa, e outras teñen plans, pero levan algo de atraso, e isto provocou que a sociedade non perciba o sector como algo positivo. Hai malas prácticas na minería, pero non deberían entenderse como exemplo, xa que moitas empresas desenvolven actuacións respectuosas co medio ambiente. **En Galiza explótanse minerais que son moi coñecidos para o**

**público pola súa importancia, como o granito ou a lousa. Que outros produtos mineiros teñen interese na actualidade?**

Existen moi bos xacementos de cuarzo, que é moi importante hoxe en día porque se emprega para a fabricación das placas solares. Dende hai pouco ademais disparouse o prezo de todos os minerais. Isto provoca que recursos que anteriormente non eran rendíbeis, pasen a selo. Galiza ten moitas posibilidades neste novo escenario, porque a súa configuración xeolóxica fai posíbel moitísimos xacementos. **O carbón podería incluírse neste grupo e volver a ser explotado?**

En Galiza o carbón que se encontra é o lignito, e existe algún xacemento sen explotar. Os dous que estaban en funcionamento, o de Meirama e o das Pontes pecháronse en decembro do ano pasado, porque tiñan un contido en xofre que os facía incompatíbeis coa nova normativa española sobre emisións. Non é o carbón o mineral que habería que buscar aquí.

**Cales entón?**

Minerais metálicos (entre os que destaca o estaño), arxilas especiais, rochas ornamentais ou enerxía xeotérmica. Esta última penso que ten un gran potencial, sobre todo no sur. A forma máis básica é o aproveitamento da auga quente, ben de forma directa, ben complementada con outros elementos para xerar outros tipos de enerxía. En países como Islandia ten un desenvolvemento moi importante.

**Canto valor engadido se lle suma a estes produtos en Galiza?**

Unha opinión, cada vez menos estendida, di que as empresas galegas exportan o bloque de granito, que se elabora fóra e volve logo. Iso xa non é así. As empresas galegas teñen minas no estranxeiro, importan material en bruto e elaborano aquí.

**Que opinión lle merece a nova Lei de Ordenación da Minería?**

Esta norma trata de compatibilizar todos os intereses, o mineiro, o medioambiental e o administrativo. O sector está xa moi regulado. Cada explotación debe presentar todos os anos un plan de labores, onde dá conta do que vai facer e informa do que xa fixo. En resumo, o sector está afectado por multitude de lexislación e o que pretende a nova lei é englobala e ordenala. ●